

Anuncio da Zona de Recadación da Coruña, polo que se da a coñecer a realización da poxa pública dos bens/dereitos a realizarse o **19 de xullo de 2018** que foi publicado no DOG nº 117, de 20 de xuño de 2018.

De conformidade cos acordos da Axencia Tributaria de Galicia de 18 de maio 2018, infórmase que o día 19 de xullo de 2018 ás 10.00 horas no salón de actos da Delegación da Axencia Tributaria de Galicia na Coruña, (sita na Praza de Pontevedra, 22) terá lugar a poxa pública dos bens/dereitos que se describen a seguir:

Lote	DescripcionBien	Valoracion	Cargas	Tipo1	Tramos
2	Local comercial sito no andar baixo, dun edificio denominado "Banquete de Conxo Fase I" na Rúa do Banquete de Conxo dos de marzo de 1856, números 1, 2, 2, 4, 5 e 6 y na Rúa Luis Freire co número 5, na Cidade de Santiago de Compostela. Cunha superficie aproximada de 76 m2. Ten como anexo para uso propio a terraza sinalada como cuberta plana transitable cunha superficie aproximada de 76 m2. Inscrita no Rexistro da propiedade de Santiago de Compostela 2 , finca 46319.	82.383,24	48.503,00	33.880,24	100,00
3	2/168 avas partes do local no andar de soto 1, dun edificio denominado "Banquete de Conxo Fase I" sito na Rúa do Banquete de Conxo dous de marzo de 1856, sinalado cos números 1, 2, 3, 4, 5 e 6 na Rúa Luis Freire co número 5, na Cidade de Santiago de Compostela, concretándose na propiedade e uso exclusivo da praza de garaxe nº 101. Dunha superficie útil de 13,60 m2. Finca 43517/G101 do Rexistro da propiedade número 2 de Santiago de Compostela.	9.507,09	Non constan	9.507,09	100
4	Finca urbana, a uso residencial, sita no Luga de Vilar, Concello de Ferrol, con 36 metros cadrados de superficie construída, número de identificación catastral 000703100NJ52B0001RG, sobre finca rústica de 594 metros cadrados de superficie, con número de identificación catastral 15037A501001810000OE. Embargo anotado por suspensión no Rexistro da propiedade de Ferrol, finca 76836.	5.387,58	Non constan	5.387,58	100,00
5	100 % do pleno dominio de finca rústica (50% de cada cónxuxe), a uso agrario, sita no Lugar de Barallados, Concello de Ares, cunha superficie de 1973 metros cadrados, con número de identificación catastral 150004A017005180000YB. Finca 9692/A do Rexistro da propiedade de Pontedeume.	4.794,39	Non constan	4.794,39	100,00
6	Vivenda sita na Avenida de Fisterra, nº 280, sexto andar, porta F da cidade da Coruña, con 80 metros cadrados de superficie construída. Adquirida por herdanza de Matilde López Galván, de conformidade co testamento outorgado o 15 de marzo de 2011 diante o Notario Alfonso Goday Portals. Número de identificación catastral 7111602NJ4071S0060ME. Finca número 29.922 do Rexistro da propiedade número 2 da Coruña.	54.090,16	Non constan	54.090,16	100,00

Lote	DescripcionBien	Valoracion	Cargas	Tipo1	Tramos
7	1/2 do pleno dominio, con caracter privativo, por título de herdanza do labradío, a pastizal e inculto, finca número 401 de concentración parcelaria, no Lugar de Rodeiro, Bandoza, de nome Empeño, no Concello de Oza dos Ríos. Dunha superficie de 35 áreas e 70 centiáreas. Inscrita no Rexistro da propiedade de Betanzos, finca 19980.	2.144,59	Non constan	2.144,59	100,00
8	Finca urbana , a solar, sen edificar, sita no Camiño do Paredón, Concello de Ferrol. Linda coa finca catastral 3268402NJ6136N0001OY. Superficie 695 metros cadrados. Referencia catastral 3268401NJ6136N0001MY. Anotada por suspensión como finca 76731 no Rexistro da propiedade de Ferrol.	70.592,74	Non constan	70.592,74	100
9	15,83 por cento dos dereitos hereditarios, título de herdanza de Eduardo López Valdivia, de inmovible urbano a uso residencial sito na rúa Punta Miranda, número 2, con 729 metros cadrados de superficie construídos, en San Vicente do Mar, Concello do Grove. Finca 2207 do Rexistro da propiedade de Cambados, finca catastral 6305502NH0060N0003TK	145.306,20	Non constan	145.306,2	100,00
10	15,83 por cento dos dereitos hereditarios, por título de herdanza de Eduardo López Valdivia, de inmovible urbano a uso residencial sito na Praza de San Ero, número 2, andar segundo, con 83 metros cadrados de superficie construídos, en San Vicente do Mar, Concello do Grove. Finca 2378 do Rexistro da Propiedade de Cambados, finca catastral 6205502NH0060N0003DK.	16.638,93	Non constan	16.638,93	100,00
12	Vivenda aillada sita no lugar de Capilla, parroquia de Araño, concello de de Rianxo, composta de andar baixo (locais e garaxe), andar alto e baixo cuberta, ocupa unha superficie de 235,5 metros cadrados. Dispón dun terreo unido de 50,50 metros cadrados na paraxe de Agro do Outeiro. Finca 7410 do Rexistro da Propiedade de Padrón.	181.496,90	159.758,71	21.738,19	100,00
13	Usufructo con carácter privativo de vivenda sita na rúa Mariño de Rivera, nº 14, 4º B, concello de Ribeira, cunha superficie 142 metros cadrados. Finca número 14285 do Rexistro da propiedade de Noia. Referencia catastral 0718077NH0101N0011WZ.	35.768,38	Non constan	35.768,38	100,00
14	Casa de andar baixo dunha superficie de 33 metros cadrados, cun terreo unido, formando o conxunto unha soa finca dunha superficie total de 75 metros cadrados, sinalada co número 163 do lugar de Escarabote, parroquia e concello de Boiro. Inscrita no Rexistro da propiedade de Noia, finca 26312.	1.284,75	Non constan	1.284,75	100,00

De conformidade co disposto no artigo 101 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, faise constar que:

- a) Están ao dispor dos interesados, na Zona de Recaudación da Coruña, onde poden ser examinados ata o día anterior ao da poxa, os expedientes de constrinximento nos que constan os títulos de propiedade dos bens ou dereitos poxados e o estado das súas cargas e gravames, cos que se deberá conformar, sen ter dereito a esixir outros.

-
- b) Cando se trate de bens ou dereitos inscribibles nos rexistros públicos, os licitadores non terán dereito a esixir outros títulos de propiedade que os achegados no expediente; que de non estar inscritos os bens ou dereitos no rexistro, o documento público de venda é título mediante o cal se pode efectuar a inmatriculación nos termos previstos na lexislación hipotecaria, e que, nos demais casos en que sexa preciso, haberán de proceder, se lles interesa, como dispón o título VI da Lei hipotecaria, para levar a cabo a concordancia entre o rexistro e a realidade xurídica.
- c) As cargas e gravames que subsistisen ao crédito dos executantes continuarán subsistindo, entendéndose que o rematante os acepta e queda subrogado nas súas responsabilidades, sen destinarse á súa extinción o prezo do remate.
- d) No tipo da poxa non se inclúen os impostos indirectos que graven a transmisión dos ditos bens ou dereitos.
- e) A obriga de constituír ante a mesa de poxa con anterioridade á súa realización un depósito do 20% do tipo de poxa. De forma motivada poderá reducirse este depósito ata un mínimo do 10 por cento. Se os adxudicatarios non satisfán o prezo do remate, o dito depósito aplicarase á cancelación da débeda, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incorrer polos prexuízos que orixine a falta de pagamento do prezo de remate. O depósito deberá constituirse mediante cheque que cumpra os requisitos establecidos no artigo 35.1 do Regulamento xeral de recadación ou por calquera medio que se habilite para o efecto.
- f) A poxa suspenderase en calquera momento anterior á adxudicación de bens ou dereitos se se fai o pagamento da contía establecida no artigo 169.1 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, xeral tributaria.
- g) O adxudicatario entregará no acto da adxudicación ou dentro dos 15 días seguintes a diferenza entre o depósito constituído e o prezo da adxudicación.
- h) Admitiranse ofertas en sobre pechado, nese caso, a mesa de poxa substituirá aos licitadores, poxando por eles na forma prevista para o efecto.

-
- i) Despois de ter lugar a primeira licitación, a mesa poderá acordar a celebración dunha segunda licitación, logo da deliberación da súa conveniencia. Neste caso admitiranse poxas que cubran o novo tipo, que será o 75 por cento do tipo de poxa en primeira licitación.
- j) De conformidade co disposto no artigo 107 do Regulamento Xeral de Recadación, se quedasen bens sen adxudicar iniciárase o trámite de adxudicación directa por prazo máximo de seis meses, podéndose presentar ofertas en sobre pechado a partir dese momento á mesa de poxa.

A mesa de poxa abrirá as ofertas presentadas ao remate do prazo do mes seguinte ao do seu inicio, podendo proceder á adxudicación dos bens se algunha delas se considera suficiente nese momento. No caso contrario, anunciarase a extensión dun mes máis para a presentación de novas ofertas ou mellora das existentes, sen prexuízo da validez das ofertas presentadas ata ese momento; e así sucesivamente co límite total de seis meses.

A Coruña, 20 de xuño de 2018

Julián Benavides Delgado.

Recadador da Zona da Coruña